XUNTA DE GALICIA

INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO AO ANTEPROXECTO DE LEI DE ESTATÍSTICA DE GALICIA

Solicitante: Consellería de Facenda e Administración Pública. Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio

Expediente: 92/2023

ANTECEDENTES DE FEITO

1. O 15 de xuño de 2023 recíbese, nesta Secretaría Xeral, solicitude de informe de impacto de xénero relativo ao proxecto de Lei de Estatística de Galicia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

PERTINENCIA DO INFORME

1. A emisión de informes de impacto de xénero está regulada no artigo 7 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (en diante, Decreto lexislativo 2/2015), no que se indica que "*Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade*. *Se non se acompaña ou se se trata dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa*

Servizo de Apoio Técnico-Administrativo
SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DE EMPREGO E IGUALDADE

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 545 362
xestion.igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal

CVE: vlzfkMGS1Wz2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso".

2. A finalidade do proxecto é dar cumprimento ao disposto polo artigo 27.6 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia, que establece a competencia exclusiva sobre a estatística para os fins da Comunidade Autónoma. Esta previsión foi desenvolta no seu día pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia (LEG), modificada en diversas situacións. Procede na actualidade, dado o tempo transcorrido e o desenvolvemento tecnolóxico, aprobar unha nova lei.
3. Á vista do contido deste proxecto normativo analizarase, a continuación, a integración da perspectiva de xénero na lei, a composición equilibrada dos órganos de decisión e a utilización dunha linguaxe normativa non sexista.

INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA NORMA

1. A integración sistemática da perspectiva de xénero consiste, segundo o Grupo de asesoras expertas do Consello de Europa, na organización, a mellora, o desenvolvemento e a avaliación dos procesos políticos, de modo que unha perspectiva de igualdade de xénero se incorpore en todas as políticas a todos os niveis e en todas as etapas.
2. Normativa de referencia no ámbito europeo: Tratado da Comunidade Europea (TCE) e o artigo 23 da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea.
3. Normativa de referencia no ámbito estatal: A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, nos artigos 14 e 15 establece os criterios de actuación dos poderes públicos e o mandato de transversalidade do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes. Así mesmo, o seu artigo 20 di: "*Artículo 20. Adecuación de las estadísticas y estudios*.

CVE: vlzfkMGS1Wz2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Al objeto de hacer efectivas las disposiciones contenidas en esta Ley y que se garantice la integración de modo efectivo de la perspectiva de género en su actividad ordinaria, los poderes públicos, en la elaboración de sus estudios y estadísticas, deberán:

a) Incluir sistemáticamente la variable de sexo en las estadísticas, encuestas y recogida de datos que lleven a cabo.

b) Establecer e incluir en las operaciones estadísticas nuevos indicadores que posibiliten un mejor conocimiento de las diferencias en los valores, roles, situaciones, condiciones, aspiraciones y necesidades de mujeres y hombres, su manifestación e interacción en la realidad que se vaya a analizar.

c) Diseñar e introducir los indicadores y mecanismos necesarios que permitan el conocimiento de la incidencia de otras variables cuya concurrencia resulta generadora de situaciones de discriminación múltiple en los diferentes ámbitos de intervención.

d) Realizar muestras lo suficientemente amplias como para que las diversas variables incluidas puedan ser explotadas y analizadas en función de la variable de sexo.

e) Explotar los datos de que disponen de modo que se puedan conocer las diferentes situaciones, condiciones, aspiraciones y necesidades de mujeres y hombres en los diferentes ámbitos de intervención.

f) Revisar y, en su caso, adecuar las definiciones estadísticas existentes con objeto de contribuir al reconocimiento y valoración del trabajo de las mujeres y evitar la estereotipación negativa de determinados colectivos de mujeres.

Sólo excepcionalmente, y mediante informe motivado y aprobado por el órgano competente, podrá justificarse el incumplimiento de alguna de las obligaciones anteriormente especificadas."

4. O Decreto lexislativo 2/2015 desenvolve o principio de transversalidade no seu artigo 5 e o artigo 9 dispón: "*Artigo 9. Integración da perspectiva de xénero na actividade estatística do sector público galego*

CVE: vlzfkMGS1Wz2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A totalidade das estatísticas e investigacións con eventual repercusión en cuestións de xénero realizadas pola Comunidade Autónoma de Galicia desagregará os datos en atención ao sexo e en atención ás circunstancias vinculadas ao xénero, como a asunción de cargas parentais e familiares. Da totalidade destas estatísticas e investigacións enviaráselle copia ao órgano competente en materia de igualdade."

5. A Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026, dispón no seu 1.2 que "*Os obxectivos do PGE 2022-2026 clasifícanse en informativos, instrumentais e de calidade. Os primeiros comprenden as metas de información, as perspectivas de xénero e idade e mais as liñas de actuación salientables*" e o artigo 6.3 que "*De conformidade co establecido no artigo 9 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, todas as operacións e actividades estatísticas deberán ter en conta a perspectiva de xénero. As incluídas nos programas que consideren os datos sobre as persoas físicas deberanse recoller e difundir por sexo*"
6. No estudio *"Análisis de la perspectiva de género en algunas estadísticas españolas y propuestas de mejora",* do Instituto de la Mujer pódese ler o seguinte: *"La asunción de la perspectiva de género, como principio imperante y orientador de todas las políticas, tiene en cuanto a las estadísticas respecta, dos consecuencias claras, tal y como se detalla a continuación:*

   a) En primer lugar, surge la necesidad de contar con mayor información sobre la situación en las que se encuentran las mujeres y las desigualdades de género que existen en la sociedad y en todos los ámbitos (salud, educación, trabajo, política, medios de comunicación, medio ambiente, toma de decisiones, violencia, conflictos armados, infancia, etc.). Las estadísticas de género se convierten, de esta forma, en un instrumento clave para conseguir el objetivo de igualdad entre mujeres y hombres en la medida en que permiten conocer la realidad que se desea transformar.

CVE: vlzfkMGS1Wz2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

b) Y, en segundo término, el propio principio ha de ser adoptado en la producción, análisis y publicación de las estadísticas lo que supone replantearse todo el marco conceptual y metodológico de las fuentes de información existentes."

7. Por último, o VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 recoñece que "*...no terreo da información estatística é de xustiza recoñecer a incorporación progresiva da variable sexo a unha parte moi significativa das operacións da comunidade autónoma. Non obstante, aínda non é posible unha desagregación por sexo completa dalgunhas series de datos nas principais producións estatísticas. Ademais, precisaríase ampliar as variables ou dimensións de estudo para a elaboración de indicadores de xénero en ámbitos de interese*." Por isto, prevé unha liña de acción destinada á "*Realización e difusión de estudos sobre a situación das mulleres e mellora da elaboración e utilización de datos estatísticos e indicadores de xénero*", da que son responsables todos os departamentos da Administración xeral e entes adscritos.
8. Á vista do anterior e do contido da norma a informar, convén sinalar que ao tratarse dun proxecto de lei principalmente técnico, non hai datos suficientes para valorar con exactitude o impacto de xénero que terá, polo que haberá que valorar o desenvolvemento da propia lei, que debería incluír todo o contido nos parágrafo precedentes. Non obstante, si se pode observar o seguinte:

   Perspectiva de xénero

   - Na exposición de motivos, sinálase que se ten en conta na Lei o Decreto lexislativo 2/2015 e a introdución da perspectiva de xénero, o que merecería unha valoración positiva.

   - Non obstante o anterior, no artigo 4, no que se fixan os principios estatísticos, non hai referencia ningunha á integración da perspectiva de xénero, que sería recomendable, dando así peso, ao esixido polo Decreto lexislativo 2/2015. Poderíase incorporar, por exemplo, no parágrafo c),

CVE: vlzfkMGS1Wz2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

quedando a redacción así "*Imparcialidade: as estatísticas débense preparar, elaborar e difundir de xeito neutral, tratando por igual a todas as persoas ou entidades informantes e usuarias e tendo en conta a perspectiva de xénero*".

- Si se menciona a perspectiva de xénero, e valórase de maneira positiva, no artigo 21.5, no que se esixe a introdución desta perspectiva nos obxectivos informativos do Plan galego de estatística.

Persoal

- No desenvolvemento do artigo 10.3, que se refire á persoa titular da Dirección do Instituto Galego de Estatística, así como para o nomeamento de calquera outro alto cargo, haberá que ter presente o sinalado na disposición adicional primeira, segundo parágrafo da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; "*Nos nomeamentos de altos cargos da Administracións xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos titulares e membros de órganos de entidades integrantes do sector público autonómico atenderase ao principio de presencia equilibrada (...)*".

PREVISIÓNS RELATIVAS AO CUMPRIMENTO DA COMPOSICIÓN EQUILIBRADA DOS ÓRGANOS DE DECISIÓN

1. En canto á toma de decisións e a elaboración de estratexias, vén recollida no artigo 5.2 d) do Decreto lexislativo 2/2015.
2. No relativo a nomeamentos e designación dos cargos de responsabilidade, estipúlase no artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, na súa disposición derradeira primeira.
3. Para a administración galega e o nomeamento de altos cargos, recóllese na Disposición adicional 1.ª da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de

CVE: vlzfkMGS1Wz2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

4. No proxecto de lei créanse varios órganos colexiados e regúlase a súa composición, mais en ningún deles se prevé a composición equilibrada dos seus membros. Recoméndase introducir, na composición de todos os órganos que "*na súa composición de procurará unha representación equilibrada muller-home*"

UTILIZACIÓN DUNHA LINGUAXE NORMATIVA NON SEXISTA

1. A incorporación dunha linguaxe non sexista está recollida nos artigos 11 e 12 do Decreto lexislativo 2/2015.
2. A nivel estatal, o tratamento da linguaxe lexíslase na aliña 11 do artigo 14 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
3. Neste texto emprégase en varias ocasións o masculino como xenérico, sobre todo nos determinantes. Así, por exemplo, "*aos responsables políticos*", "*axentes entrevistadores-enquisadores*", "*dos afectados*", "*un terceiro*", "*polo informante*", "*dos axentes sociais e económicos*", "*aos informantes*", "*os seus titulares*", etcétera. Recoméndase utilizar, sempre que sexa posible, formas neutras "persoas con responsabilidade política", "axencias sociais e económicas", ... E cando sexa necesario utilizar o dobre xénero, alternar a primeira posición entre os xéneros: "das/os afectadas/os", "os/as seus titulares".

Polo tanto, INFORMO:

Que ao tratarse dun proxecto de lei principalmente técnico e de carácter xeral, non hai datos suficientes para valorar con exactitude o impacto de xénero que terá. Porén, dado que as estatísticas con perspectiva de xénero son un instrumento clave para acadar a igualdade, considérase fundamental a

CVE: vlzfkMGS1Wz2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

introdución de maneira xeneralizada e intensa, da perspectiva de xénero no desenvolvemento da lei.

Si existe marxe para a mellora da norma, nos termos sinalados neste informe. En concreto:

1. Introducir a perspectiva de xénero nos principios estatísticos
2. Prever que a composición dos órganos colexiados terá unha representación equilibrada muller-home
3. Corrixir a linguaxe nos termos indicados no informe

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

A xefa do Servizo de Apoio Técnico-Administrativo	A secretaria xeral da Igualdade
María Monteagudo Neira	Sandra Vázquez Domínguez

Asinado por: VAZQUEZ DOMINGUEZ, SANDRA
Cargo: Secretaria Xeral
Data e hora: 06/07/2023 12:16:23

Asinado por: MONTEAGUDO NEIRA, MARIA
Cargo: Xefa do Servizo
Data e hora: 06/07/2023 11:52:55

CVE: vlzfkMGS1Wz2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve